

MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN DA RELACIÓ DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓ E SERVIZOS

As modificacións da relación de postos de traballo de persoal de administración e servizos que se propoñen correspóndense coas seguintes actuacións:

1. Adaptación da RPT ao cadro de persoal orzamentado

O orzamento de 2017 dota un total de 1.150 prazas de PAS, que se corresponden coas que, incluídas na RPT, están cubertas de forma efectiva con persoal fixo ou temporal.

Non obstante, a RPT incluía un total de 1.226 postos de traballo. En consecuencia, é necesario, como primeira medida de normalización do cadro de persoal de administración e servizos, regularizar esa diferenza, que é de 76 postos, amortizando aqueles que figuren vacantes.

Aínda así, a casuística á que deu lugar a xestión do Plan Económico Financeiro de Reequilibrio, obriga a establecer diferencias entre eses postos, que son as seguintes:

- a) Os que, estando efectivamente vacantes, non teñen ningún condicionamento legal que impida a súa amortización. Estes son os que se inclúen na modificación da RPT do PAS que se somete a negociación cos órganos de representación do persoal e á posterior aprobación dos órganos de goberno. O número total deses postos é de 48 (15 funcionariais e 33 laborais).
- b) Os que, non estando efectivamente ocupados, teñen un titular que está ocupando outros postos, ben por comisión de servizos funcionarial ou desempeño de funcións de categoría superior no caso de persoal laboral. O número total deses postos é de 19.
- c) Por último, os que, estando vacantes, en base a necesidades cōxunturais deben manterse ata adoptar unha decisión organizativa definitiva respecto á súa amortización ou permanencia. Entre estes, atópanse dous postos (técnico especialista de offset e especialista de oficios xardiñeiro) que quedaron desocupados con posterioridade á aprobación do orzamento. O número destes postos vacantes é de 11.

Non se consideran a estes efectos postos de RPT creados e incluídos en diversas OPEs, que formalmente figuran como vacantes pero que, a efectos orzamentarios, consumen recursos por haber efectivos que os ocupan.

En resumo, a efectos orzamentarios o número de postos que non contan con efectivo que os ocupe é de 78, dos cales, propóñese a amortización formal en RPT de 48.

Esa amortización non responde, aínda, a un criterio funcional, senón á súa desocupación efectiva e á non existencia de compromisos xurídicos respecto a eles. En consecuencia, esta modificación pretende exclusivamente adaptar a RPT ao cadro de persoal orzamentado, sen considerar as decisións de reorganizaciōns de servizos que deben definir máis correctamente a ordenaciō do cadro de persoal de PAS, para o cal haberá que introducir novas medidas que afectarán ao conxunto de vacantes orzamentarias ou á provisiō de prazas novas.

2. Modificación da RPT de PAS, funcionario e laboral, con motivo da reorganización das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos .

Trátase de facer efectiva na RPT a reorganización das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos xa aprobada por acordo do Consello de Goberno do 16 de decembro de 2016, polo que procede remitirse ao documento aprobado. En consecuencia, a modificación da RPT ten por obxecto a execución dese acordo e a adscrición definitiva das persoas que ocupaban postos de secretaría de departamento a postos de responsable administrativo, para o que, cando non houbo acordo entre o persoal afectado, se utilizou o criterio de maior antigüidade no posto.

3. Modificación da RPT de PAS con motivo da reorganización do Centro de Posgrao e do Centro de Estudos Avanzados.

Esta reorganización produciuse por acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016. Compre polo tanto proceder á correspondente modificación da RPT, reasignando os postos actualmente existentes no Centro de Posgrao, no Centro de Estudos Avanzados (CEA) e no Servizo de Xestión Académica que se corresponden co ámbito funcional da reforma organizativa.

En concreto, esta reorganización afecta á totalidade dos postos do Centro de Posgrao e do CEA, e á Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, adscrita actualmente ao Servizo de Xestión Académica.

Malia esa reorganización, o ámbito funcional dos postos de xestión segue sendo coincidente na súa maior parte co dos anteriores, polo que se formula a ocupación dos novos por equivalencia cos anteriores no sentido indicado na proposta.

4. Modificación da RPT por cambio de denominación da Escola Politécnica Superior.

Por último, incorpóranse á RPT os cambios derivados da nova denominación da EPS como Escola Politécnica Superior de Enxeñaría.

Santiago de Compostela, a 3 de Maio de 2017